

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

8061 *Real decreto 577/2014, do 4 de xullo, polo que se regula a tarxeta de movemento equina.*

O Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, establece tanto o documento de movemento que debe amparar todos os movementos de gando como a forma e o prazo en que se deben comunicar os datos destes movementos.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece que os movementos de animais deberán ir acompañados dun certificado oficial de movemento salvo que este poida ser substituído por outro sistema que presente as mesmas garantías e sempre que as características da especie animal de que se trate así o xustifiquen.

Os movementos dos équidos teñen un marcado carácter diferencial comparado cos movementos do resto de gando, debido a que gran parte dos seus desprazamentos se realizan con fins claramente diferentes dos simplemente produtivos. Este é o motivo polo que, aínda que non se fai uso da excepción prevista no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, polo que se aplican as directivas 90/426/427/CEE polo que se refire aos métodos de identificación dos équidos, se crea e regula a nivel nacional a tarxeta de movemento equina (TME) cuxa utilización opcional polos responsables de documentar os movementos de équidos lles permitirá facelo sen necesidade de que o animal vaia acompañado do certificado ou guía sanitaria regulada polo artigo 50 da Lei 8/2003 e o Decreto do 4 de febreiro de 1955 e a lexislación autonómica, nin do documento de movemento ou traslado previsto para efectos do rexistro de movementos dos artigos 51 e 53 da mesma lei e regulado polo Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, e a lexislación autonómica.

A obtención da tarxeta non varía, con todo, as obrigas relacionadas coa formalización e o acompañamento do pasaporte ou documento de identificación equina (DIE) regulada polo dereito da Unión, e en España polo Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.

Para quen non opte por obter a tarxeta, as súas obrigas seguirán sendo as mesmas que na actualidade establecen as citadas normas para o certificado sanitario e documento de movemento, así como, por suposto, para o pasaporte ou DIE.

O uso voluntario da TME, en substitución do certificado oficial de movemento e do documento de movemento nos supostos que se indican, non suporá unha perda do control da rastrexabilidade dos animais, nin ningún risco sanitario, xa que segue vixente a obriga de rexistrar os movementos de saída da explotación e retorno a ela e de entrada na de destino temporal nos libros de rexistro da explotación. De igual maneira, imposibilitase a realización de movementos coa dita TME que non se acollan aos supostos establecidos, grazas aos procedementos de control que ten establecidos a base de datos SITRAN en forma de recoñecementos, aviso e alarmas, aínda que redundará na diminución das cargas administrativas.

Esta regulación constitúe unha das medidas propostas polo Goberno no seo da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (Cora), creada por Acordo do Consello de Ministros do 26 de outubro de 2012, como parte das iniciativas dirixidas á simplificación de trámites e de redución de cargas administrativas para o cidadán.

Finalmente, dentro do proceso de redución e simplificación dos órganos colexiados da Administración xeral do Estado, procede suprimir o Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro, previsto no artigo 8 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, e atribuír as súas funcións ao Comité

Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, regulado no Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria.

Polo tanto, cómpre establecer unha norma nacional que estableza as características básicas da dita tarxeta.

Por último, incorpórase unha corrección menor no recentemente publicado Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, polo que se precisa que os establecementos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, obxecto de regulación son os establecementos cárnicos. Iso obriga a incorporar o termo «cárnicos» no artigo 3.1 e na letra b) do artigo 2.2.

Esta norma dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as características básicas da tarxeta de movemento equina («TME») e o seu uso e efectos de substitución, para quen voluntariamente a obteña, do certificado sanitario ou guía regulada polo Decreto do 4 de febreiro de 1955, polo que se aproba o Regulamento da Lei de epizootias, e o documento de movemento regulado polo Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.

2. Quen non opte pola obtención da dita tarxeta quedará suxeito, sen variación ningunha, ás exixencias de documentación e rexistro dos seus movementos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e do artigo 2 do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.

Artigo 3. *Emisión da tarxeta de movemento equina.*

1. A emisión da tarxeta será voluntaria para todos os équidos e emitirse por solicitude do titular.

2. A tarxeta de movemento equina será emitida polo órgano competente da comunidade autónoma en materia de movemento animal, sen prexuízo da posibilidade de delegar ou encomendar a dita competencia.

3. Antes de emitir a tarxeta, o órgano ou entidade de que se trate consultará, como mínimo, as bases de datos establecidas no artigo 17 do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, onde debe quedar reflectido se o équido está en posesión ou non dunha tarxeta, para así evitar a emisión errónea ou fraudulenta de varias tarxetas para un mesmo animal.

4. Se se produce a perda ou deterioración da tarxeta, poderase emitir un duplicado dela, que conterá a información actualizada reflectida nas bases de datos establecidas no Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.

Artigo 4. *Uso da tarxeta de movemento equina.*

1. A tarxeta acompañará os équidos en movementos dentro do territorio nacional, en substitución de dous dos documentos que actualmente deben acompañalos: o documento de movemento que establece no seu artigo 6 o Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro de identificación individual de animais, e o artigo 32 do Decreto do 4 de febreiro de 1955, polo que se aproba o Regulamento de epizootias, nos seguintes desprazamentos:

a) Con fins turísticos, recreativos, culturais ou aproveitamento de pastos que retornen á explotación de orixe nun prazo inferior a trinta días naturais, sempre que non supoñan un cambio de titularidade do animal.

b) Con fins deportivos ou concursos morfolóxicos que retornen á explotación de orixe nun prazo inferior a trinta días naturais, sempre que non supoñan un cambio de titularidade do animal.

Nestes casos non se comunicará o desprazamento ao Rexistro xeral de movementos (Remo), aínda que os movementos de saída da explotación e de retorno a ela, así como os de entrada e saída na de destino temporal, deberán quedar rexistrados no libro de rexistro da explotación, conforme se establece no Real decreto 804/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal das explotacións equinas e se establece o plan sanitario equino.

2. O disposto no número 1 non eximirá de ningunha das obrigas relacionadas coa existencia de que os équidos vaian acompañados do pasaporte ou documento de identificación equina (DIE).

3. En ningún caso se poderá utilizar a TME para amparar movementos de animais que presenten síntomas clínicos de enfermidade infectocontaxiosa, ou lesións que afecten o seu benestar durante o transporte, salvo cando sexan movidos ou transportados nunha situación de emerxencia relacionada coa súa saúde ou benestar.

4. A TME non poderá ser utilizada en substitución dos documentos de movemento citados no número 1 cando o destino final do animal sexa o matadoiro aínda que, cando se produza o sacrificio do animal en matadoiro ou a morte do équido, a tarxeta, unha vez lidos os seus datos, será destruída ou invalidada xunto co documento de identificación equina.

5. De acordo co previsto no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, en función das circunstancias sanitarias ou epidemiolóxicas, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no territorio nacional e as comunidades autónomas no seu ámbito territorial, logo de información e aprobación do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, poderán, como medida cautelar, suspender a utilización da tarxeta como substitutiva do documento de movemento.

Artigo 5. *Características físicas.*

A tarxeta, polo menos, será confeccionada en PVC con núcleo de policarbonato e cumprirá as características físicas das tarxetas de identificación ID-1 (85,6 × 53,98 mm) segundo recomendacións OACI 9303 e norma ISO/IEC 7810.

Artigo 6. *Normas e estándares internacionais.*

A tarxeta cumprirá, como mínimo, as normas ISO 7810/1985, ISO/IEC 10373, ISO/IEC 7816-1/-2/-3(T=0)/4 e CEN (Comité Europeo de Normalización)/TC224/WG10 Intersector Electronic Purse.

Artigo 7. *Deseño e personalización gráfica.*

O deseño e a personalización gráfica cumprarán, polo menos, os seguintes requisitos:

1. A tarxeta imprimirase en cuatricromía por ambas as caras, e incluírá fondos de seguridade tipo *guilloche*. Adicionalmente, o anverso levará impresión con tintas especiais.

2. O anverso conterá un *chip* de contactos situado segundo normativa ISO. Debaixo del incluírase o texto «ES».

Na esquina superior esquerda levará en grande unha letra «e» minúscula impresa en tinta OVI e á súa dereita, centrado na tarxeta, resaltarán en tamaño e forma o título do documento «Tarxeta de movemento equina».

Debaixo do título incluírase en microimpresión a lenda «TARXETAMOVEMENTOEQUINA» de forma iterada.

Engadiranse, debaixo e nun tamaño menor, os datos do équido (nome, sexo, data de nacemento, capa, número de identificador electrónico e UELN, incluída a representación deste último como código de barras tipo Code 128).

Na esquina inferior dereita incluírase o escudo de España (en cor).

Os fondos da tarxeta conterán o escudo de España, impreso con tinta invisible con resposta azul, visible unicamente baixo luz ultravioleta.

3. O reverso levará en posición centrada os datos referentes ao número de identificación electrónico (incluída a súa representación como código de barras tipo Code 128), a fotografía ou descrición en cor do équido e, debaixo dela, a lenda «Válida só para movementos dentro de España».

Na esquina superior dereita e en vertical incluírá en impresión codificada a palabra «TME».

Artigo 8. *Información almacenada na tarxeta de movemento equina.*

A tarxeta almacenará obrigatoriamente a información que establece o anexo I deste real decreto, e de forma voluntaria aquela que se establece no anexo II.

Unha vez que a tarxeta recolla os datos de carácter voluntario, estes deberán ser actualizados de acordo coa normativa correspondente.

Artigo 9. *Actualización de datos da tarxeta de movemento equina.*

1. Cando se produza un cambio de titular do équido, o novo titular asegurase de que os seus datos quedan reflectidos na tarxeta unha vez que o foron no pasaporte. A non actualización dos ditos datos suporá unha retirada da tarxeta, sen prexuízo das sancións establecidas de acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Para os équidos de crianza e renda, a actualización dos datos de titularidade do animal na tarxeta eximirá da obrigatoriedade da actualización destes datos no documento de identificación equina.

2. Todo cambio de titular suporá unha actualización da tarxeta non só cos datos do novo titular senón tamén cos datos recollidos nas bases de datos establecidas no Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, en especial os que se corresponden coa sección IX do documento de identificación equina.

3. A tarxeta de movemento equina disporá de diferentes perfís de seguridade para a actualización dos datos, de acordo coas atribucións que se recollen nos anexos I e II deste real decreto.

Artigo 10. *Chip e personalización das estruturas de datos.*

A tarxeta conterá, polo menos, un *chip* de contactos CEN WG10 de 80 Kbytes de memoria EEPROM. O *chip* almacenará todos os datos necesarios para a correcta administración da información relativa ao équido, asegurando a súa xestión por medios electrónicos.

Artigo 11. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poden concorrer.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o artigo 8 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.*

O Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«1. O titular de cada explotación ou o titular dos animais deberá comunicar á autoridade competente da comunidade autónoma os movementos de gando que se produzan na súa explotación. Desde a explotación de orixe comunicáraselle a saída dos animais, e desde a de destino a súa entrada, á comunidade autónoma en que radiquen as súas explotacións. A dita comunicación conterá os datos do anexo VI e realizarase no prazo máximo de sete días desde que teña lugar o evento, sen prexuízo das excepcións que pola utilización voluntaria da tarxeta de movemento equina (TME) se poidan establecer.»

Dous. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 6 substitúese polo seguinte.

«1. Todos os movementos de gando deberán estar amparados por un documento de movemento debidamente cuberto polo titular dos animais ou pola autoridade competente, que recolla os datos mínimos establecidos no anexo VII. Este documento acompañará os animais ata a finalización do movemento na explotación de destino, sen prexuízo das excepcións que pola utilización voluntaria da tarxeta de movemento equina (TME) se poidan establecer.»

Tres. Engádesse o artigo 10 bis, co seguinte contido:

«Artigo 10 bis. *Comunicación por parte dos matadoiros de datos dos animais identificados individualmente.*

1. As autoridades competentes facilitarán o acceso ao RIIA autonómico aos matadoiros radicados no seu ámbito territorial, respecto dos animais sacrificados neles.

2. Os responsables dos matadoiros comunicaranlles ás autoridades competentes, polo menos, os seguintes datos dos animais sacrificados nas súas instalacións:

- a) Tipo de morte: sacrificio, morte.
- b) Data de morte.
- c) Explotación de morte.

3. As autoridades competentes establecerán o procedemento para a obtención da información requirida ao cal se deberán axustar os matadoiros situados no seu ámbito territorial.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto do 4 de febreiro de 1955, polo que se aproba o Regulamento de epizootias.*

Engádense un novo parágrafo final ao artigo 32:

«O disposto nos parágrafos anteriores entenderase sen prexuízo das excepcións que pola utilización voluntaria da tarxeta de movemento equina (TME) se poidan establecer.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.*

O Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, queda modificado como segue:

Un. O contido do artigo 3 substitúese polo seguinte:

«O documento de identificación permanente único ou pasaporte regulado nos artigos 3, 5 e anexo I do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, será denominado documento de identificación equina (DIE) ou pasaporte equino.

En caso de perda do pasaporte, pódese determinar a identidade dun équido a través do código transmitido polo transpondedor ou polo método de identificación alternativo, xa que, a través deles, se pode acceder á información do animal almacenada na base de datos.»

Dous. O segundo parágrafo do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«O documento de identificación equina estará impreso nun formato indivisible segundo o modelo establecido no Regulamento 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008. Terá entradas para a inserción da información solicitada conforme as seguintes seccións que o compoñen:

- a) No caso dos équidos rexistrados, seccións I a X.
- b) No caso dos équidos de crianza e renda, polo menos as seccións I, III, IV, e VI a IX.»

Tres. O número 1 do artigo 11 substitúese polo seguinte:

«1. Conforme o artigo 7.1 do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, a autoridade competente poderá exceptuar do sistema de identificación establecido as poboacións definidas de équidos que vivan en condicións silvestres ou semisilvestres en determinadas áreas, incluídos espazos naturais protexidos, espazos protexidos ou outro tipo de áreas naturais, incluíndo zonas de montaña onde se crían en condicións de liberdade aqueles équidos posteriormente destinados á produción de carne, coa condición de que non abandonen as ditas áreas. Se van saír delas ou se domestican, deberanse identificar conforme o establecido neste capítulo.

Sen prexuízo do exposto, a autoridade competente onde radiquen as áreas anteriormente citadas poderá, cando o xulguen conveniente, exixir algún tipo de marcación aos équidos que vivan en condicións silvestres ou semisilvestres.»

Catro. O número 1 do artigo 22 substitúese polo seguinte:

«1. Conforme o establecido no artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, cando se perda ou deteriore o documento de identificación equina orixinal, pero se poida determinar a identidade do animal equino, emitirase un duplicado do documento de identificación cunha referencia ao

número permanente único e marcarase claramente o documento como tal (duplicado do documento de identificación equina), e o animal clasificarase na sección IX, parte II, do duplicado do documento de identificación equina como «Non destinado ao sacrificio para o consumo humano».

A información sobre o duplicado do documento de identificación emitido e a clasificación do animal equino na súa sección IX será introducida na base de datos polo organismo emisor do pasaporte duplicado, tendo en conta o número permanente único.»

Cinco. No anexo IV engádesse un número novo, 19, co seguinte contido:

«19. Tarxeta de movemento equina.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria.*

O Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria, queda modificado como segue:

Un. O contido do artigo 2 substitúese polo seguinte:

«Créase o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa finalidade de coordinar as actuacións en materia de sanidade animal, identificación do gando e rexistro de explotacións, das especies de interese gandeiro.»

Dous. O contido do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«Son funcións do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria:

- a) Estudar as medidas para a erradicación e o control das enfermidades obxecto dos programas nacionais de erradicación.
- b) Seguir a evolución da situación epidemiolóxica das enfermidades obxecto destes programas a partir dos datos obtidos polos órganos competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, nas súas tarefas de control e vixilancia.
- c) Propor as medidas pertinentes, en concreto, sobre a investigación epidemiolóxica e as medidas de control e erradicación das enfermidades obxecto dos programas nacionais de erradicación.
- d) A elaboración da proposta dun plan coordinado estatal de alerta sanitaria veterinaria.
- e) A aprobación dos plans de emerxencia epizootioloxías, plans de vacinación e plans de diagnóstico urxentes en todo o territorio nacional.
- f) A aprobación do contido do Plan integral continuado de formación en materia de sanidade veterinaria, que comprende o conxunto de accións e medidas necesarias para conseguir o maior nivel de formación e eficacia dos servizos competentes na prevención e loita contra as epizootias de alta transmisibilidade e difusión.
- g) A elaboración de informes sobre a situación epidemiolóxica e a proposta de medidas para o control e erradicación das enfermidades de alerta sanitaria.
- h) Propor as medidas necesarias que aseguren o funcionamento coordinado dos sistemas de identificación e rexistro das especies de interese gandeiro en todo o territorio nacional.
- i) Efectuar as tarefas de estudo e asesoramento que se precisen para adaptar a normativa nacional sobre identificación e rexistro ás necesidades que xurdan.
- j) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

O Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, queda modificado como segue:

1. A letra b) do artigo 2.2 queda redactada da seguinte forma:

«b) Lugar de orixe: establecemento inscrito no Rexistro de establecementos Sandach e establecementos cárnicos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, desde onde se orixina un movemento de subprodutos ou produtos derivados para o seu almacenamento, transformación ou eliminación.»

2. O número 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano (Sandach), que agrupará todos os datos rexistrados polos órganos competentes das comunidades autónomas e dos operadores rexistrados ou autorizados de acordo co artigo 20 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, e os datos dos movementos de material Sandach dos establecementos cárnicos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos deste real decreto para a súa adaptación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de outubro de 2014.

Dado en Madrid o 4 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I**Datos obrigatorios da tarxeta de movemento equina**

1. Datos de identificación:
 - a) Non modificables:
 1. UELN.
 2. Código do transpondedor.
 3. Especie.
 - b) Modificables unicamente pola autoridade competente ou polo organismo emisor delegado ou encomendado por aquela para ese efecto:
 1. Nome de nacemento do cabalo.
 2. Sexo.
 3. Data de nacemento.
 4. Capa.
 5. Explotación de nacemento.
 6. Pasaporte substitutivo (si/non).
 7. Duplicado da tarxeta de movemento equina.
2. Datos do titular. Modificables unicamente pola autoridade competente ou polo organismo emisor delegado ou encomendado por aquela para ese efecto:
 - a) Nome.
 - b) Enderezo.
 - c) NIF.
3. Aptitude ou non para o consumo humano. Modificables unicamente pola autoridade competente ou polo organismo emisor delegado ou encomendado por aquela para ese efecto.
4. Cualificacións sanitarias das enfermidades recollidas na parte A do anexo II do Real decreto 804/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal das explotacións equinas e se establece o Plan sanitario equino. Modificables unicamente pola autoridade competente ou polo organismo emisor delegado ou encomendado por aquela para ese efecto.

ANEXO II**Datos voluntarios da tarxeta de movemento equina**

1. Descrición.
2. Controis de identidade do cabalo.
3. Vacinacións de influenza equina.
4. Outras vacinacións.
5. Administración de medicamentos veterinarios distintos das vacinas.